

Curuxan Teatro Impro

Curuxan é unha Asociación que busca facer das artes escénicas e audiovisuais un vehículo para mellorar a calidade de vida das persoas que se adican a elas.

Curuxan non se centra nunha actividade artística en concreto: ademais de participar na rodaxe de curtametraxes, na creación de anuncios ou na organización de cursos de cine, tivo a iniciativa das *Noites Abertas Culturais en Espacios para a Recitación de Obras Nómadas*, colaborou con Nomenklaturas e con Bar Brothers Galicia e hai varios anos interveu no Buxiganga Profesional coa obra de danza-teatro *Solipsismos*. Actualmente está a dirixir un Grupo de Interpretación ante a Cámara e ten prevista a creación dunha web-serie e dunha escola de especialistas para a loita escénica, ademais do desenvolvemento dun proxecto de danza improvisada.

Improvincia (público adulto)

Lugar: Casa da Cultura de Begonte

Hora: 18:00

Sinopse: Esta é unha aposta pola improvisación, cómica en parte, pero cun toque dramático. Non se segue un guión e o espectador ten un papel protagonista na creación das tramas que xorden. Deste xeito, a improvisación convértese nun formato idóneo para captar a un público que habitualmente non consume teatro convencional. Con este formato, nunca dúas actuacións son iguais, polo que o efecto sorpresa está garantido e o rumbo de cada trama sempre é unha incerteza.



Autoría: a peza representada é froito da improvisación, polo que cada actuación é diferente

Dirección: José Ángel Ríos Casás

Elenco: 8 actores

Duración: 60 minutos mínimo

